

**O castelo das estrelas desvalidas dos cabaleiros do mar,  
e outros poemas inspiradores  
(Cee, 12-8-2013)**

As presentacións da Feira do Libro de Cee, como antes a de Vimianzo e Muxía, remataron coa recitación, por parte de **Alexandre Nerium** (pseudónimo poético de Francisco Manuel López Martínez, Fisterra 1960) dalgunhas das súas poesías, xustamente aquelas que inspiraron varias pasaxes da novela *Costa do Solpor*, tal como recoñece o autor no apartado de ‘Débedas’ das páxinas 659 e 660. Este poeta (e antigo mariñeiro) fisterrán –hoxe guieiro do Museo da Pesca de Fisterra (sito no castelo de San Carlos, citado na novela)- manifestou estar contento e mesmo orgulloso de que as súas poesías servisen de fonte de inspiración para a narración, e participou nas presentacións con grande entusiasmo.

Os breves recitais do remate destas presentacións de A. Nerium empezaban coa lectura dos versos introducidos na trama da novela, para logo amosar o poema seu inspirador (un deles fora “O castelo das estrelas desvalidas dos cabaleiros do mar”, do que se fala na páx. 429).

Outro exemplo máis claro, a primeira estrofa da cántiga incompleta da páx. 380, que, en boca da ama de cría Madre Farruca, dicía así:

*Dos teus ollos quero naufragar na fondura,  
onde o mar é morneza e a brisa dozura.  
Do teu corpo sandarei a dor na tenrura  
dos teus peitos e cos teus bicos de loucura.  
No teu colo heime mergullar...*

E aquí detíñase a cántiga, pois a muller non lembraba máis.

A cántiga está inspirada no seguinte texto poético –escrito en prosa- de Alexandre Nerium, contido no seu libro *Nouturnidade do sal*, páx. 19 (Sotelo Blanco, 2008), e empeza así:

***A Carme, rememorando o abrente***

*“Hei naufragar nas vagas dos teus ollos onde a brisa é dozura e o mar tenreza  
envolto por argazos furibundos que me esgaduñen feros as espaldas. Hei  
reflectir nas ondas intanxíbeis o pélagos onde afondas as meixelas, os penedos  
sinceros do teu hálito, os temporais severos do teu ventre. Hei falecer nas  
dondas turbulencias, na pube onde me escondas o desexo, nos manaciais  
austeroros dos tesu beizos... E curarei as chagas co sal morno que mana da*

*fondura do teu corpo até perder os azos que me erguen... E bicareite núa cada instante... (...)"*

Graciñas sexan dadas a Alexandre Nerium por estas e por tantas cousas.